


PERFÍS E COMPETENCIAS PROFESIONAIS DO SECTOR SAÚDE E BENESTAR



1. O MERCADO LABORAL DO SECTOR SAÚDE E BENESTAR EN GALICIA	3
2. PROSPECTIVA DO MERCADO LABORAL NO SECTOR SAÚDE E BENESTAR	5
3. EVOLUCIÓN DOS POSTOS DE TRABALLO NO SECTOR SAÚDE E BENESTAR	8
4. DIAGRAMA DE EMPRESA.....	18
5. MATRIZ DE COMPETENCIAS, POSTOS E PROCESOS.....	21


1. O MERCADO LABORAL DO SECTOR SAÚDE E BENESTAR EN GALICIA

Segundo os datos recollidos polo informe ARDAN do Consorcio da Zona Franca de Vigo, o sistema produtivo sectorial do sector saúde en Galicia alberga 563 empresas, que xeran 17.352 postos de traballo, o que supón o 4,73 % do total de empregos da rexión.




Fonte. Informe ARDAN, Referencias Sectoriais de Galicia. Ano 2020. Consorcio da Zona Franca de Vigo.

Do total de postos do sector, o 25,74 % xéranse no subsector das actividades sanitarias, rexistrando 4.466 postos de traballo en 94 empresas.



Fonte. Informe ARDAN, Referencias Sectoriais de Galicia. Ano 2020. Consorcio da Zona Franca de Vigo.

Ademais, o 16,75 % dos postos de traballo rexístranse no subsector de servizos sociais sen aloxamento; en concreto, 2.906 empregos con 41 empresas rexistradas.



Fonte. Informe ARDAN, Referencias Sectoriais de Galicia. Ano 2020. Consorcio da Zona Franca de Vigo.

A continuación, preséntase a desagregación das actividades do sistema produtivo analizadas, así como o número de empregos que supoñen.



Fonte: Elaboración propia a partir do Informe ARDAN, Referencias Sectoriais de Galicia. Ano 2020. Consorcio da Zona Franca de Vigo.

2. PROSPECTIVA DO MERCADO LABORAL NO SECTOR SAÚDE E BENESTAR

O sector saúde e benestar é un dos sectores máis afectados pola pandemia derivada da COVID-19, aínda que non en canto ás cifras de emprego, xa que todo o persoal sanitario viu unha gran repunta este último ano. En concreto, o aumento das contratacións no sector este último ano foi do 55 %.


Se se realiza unha análise por actividade, os postos de traballo máis castigados son os asociados ás actividades residenciais, rexistrando 55.000 parados en decembro de 2020. O desemprego acumulado nas actividades sanitarias é de 42.000 profesionais.



Fonte: elaborado por Plantadoce, a partir de datos extraídos do Servizo Público de Emprego Estatal (SEPE)

Doutra banda, aínda que as cifras de desemprego son elevadas, o sector saúde tamén rexistra máximos históricos en materia de emprego no ano 2020, con 1,87 millóns de afiliados á Seguridade Social no sector farmacéutico, de sanidade e servizos sociais. Con todo, 10.000 persoas do sector saúde atopábanse en situación de ERTE.

Do total de afectados por ERTE, máis de 6.500 traballadores pertencen ao subsector das actividades sanitarias, máis de 2.000 afiliados corresponden ás actividades de servizos sociais sen aloxamento, 800 empregados pertencen ao ámbito de asistencia en establecementos residenciais e un centenar de empregados traballa na fabricación de produtos farmacéuticos.



Fonte: elaboración propia a partir de datos extraídos do Sepe (Servizo Público de Empleo Estatal)

En canto a Galicia, segundo o SEPE, o paro rexistrado nas “Actividades sanitarias e de servizos sociais” a xuño de 2021 é de 7.042 persoas. É dicir, diminuíu 5 puntos porcentuais respecto ao mesmo mes do ano anterior.

Previsións no emprego

En xeral, no primeiro semestre de 2021 o sector sanitario experimentou un crecemento do 19,8 % e é xa o maior creador de emprego do mundo. De feito, segundo as últimas estatísticas de traballo, 1 de cada 4 empregos novos provén do sector sanitario. Desde o Centro Europeo de Másteres e Posgraos (CEMP), indican que esta rama profesional non só é a que máis contratacións promove, senón que ademais é unha das que esixe aos seus profesionais estar máis actualizados e especializados.

Segundo o artigo publicado por LinkedIn, “os 5 mellores empregos de 2021 segundo LinkedIn”, tres dos postos máis demandados pertencen ao sector saúde e benestar:

- **Persoal de enfermería.** O aumento de contratación de persoal de enfermería durante a pandemia foi do 55 % e prevese que se manteñan as cifras polo menos ata terminar cos procesos de vacinación.
- **Director de ensaios clínicos.** A demanda de postos de apoio á atención sanitaria incrementouse un 62 %. Auxiliares técnicos de laboratorio e directores de ensaios clínicos foron dos postos máis solicitados para a investigación de vacinas.
- **Psicólogo clínico.** A pandemia orixinou moitos problemas psicolóxicos. Por iso, a contratación de profesionais de saúde mental incrementouse un 62 %.

Segundo a Organización Internacional do Traballo, os empregados do sector saúde e benestar atópanse entre os que maior probabilidade teñen de manter os seus postos de traballo durante e despois da pandemia.

Da mesma maneira, o informe “A pandemia da COVID-19 e o seu efecto nas tendencias dos mercados laborais” de CEPAL, indica que o sector saúde se viu obrigado a contratar máis persoal como consecuencia da pandemia sanitaria, pero prevese que a maioría destes postos de traballo se manteñan no futuro debido ao crecente interese por mellorar a calidade de servizos esenciais como o sanitario.

En relación cos perfís máis demandados, o portal InfoJobs inclúe os enfermeiros e médicos dentro das 10 profesións máis ofertadas, e o informe “Os + buscados” de Spring Professional 2021 de Adecco sitúa os enfermeiros como un dos postos máis solicitados para este ano a nivel nacional.

Segundo apunta o informe Situación da Enfermería no Mundo 2020, elaborado pola Organización Mundial da Saúde, en España existe unha grande escaseza e demanda de enfermeiros debido á gran mobilidade internacional destes profesionais polas condicións laborais pouco atractivas no país de orixe.

Nesta liña, o informe ‘Empregos en auxe’ de LinkedIn sitúa as profesións sanitarias especializadas como enfermería no segundo lugar das máis demandadas; mentres que o persoal de apoio médico, como técnicos de laboratorio ou auxiliares de ensaios clínicos, sitúanse no terceiro grupo, e os profesionais da saúde mental e psicólogos no número 12 das titulacións máis demandadas.

En Galicia, actualmente o posto máis demandado no sector tamén é o de enfermeiro/a e prevese que siga a mesma tendencia. De feito, do total de prazas (1.203) que inclúe a oferta de emprego público 2021 do Servizo Galego de Saúde (Sergas), máis da metade son para persoal de enfermería, 604 postos para enfermeiros e 44 para enfermeiros especialistas. Igualmente, inclúense 60 postos de médico de familia de atención primaria e 220 de celadores.

3. EVOLUCIÓN DOS POSTOS DE TRABAJO NO SECTOR SAÚDE E BENESTAR

O sector saúde e benestar experimentou fortes cambios en materia de emprego nos últimos anos, e non só derivados da pandemia sanitaria que aterrou hai apenas un ano e medio, senón tamén debido ao traspaso das competencias ás comunidades autónomas, os recortes orzamentarios derivados da crise económica que comezaría en 2008 e tería unha duración de case unha década, os avances tecnolóxicos, o envellecemento da poboación e a privatización de parte do sistema sanitario. Todo iso viuse reflectido nos perfís demandados, as súas competencias, condicións, formación e experiencia requirida.

No ámbito sanitario, a transformación dixital está a producirse con maior lentitude que noutros sectores, probablemente debido á prudencia na integración da innovación que caracteriza a organizacións, empresas ou industrias en que a vida de usuarios pode estar en risco durante a prestación dos novos servizos e en moitas ocasións por descoñecemento das direccións e xestores destes organismos.

En Galicia, con todo, a Consellería de Saúde indica que se conta cun dos servizos de saúde con maior nivel de dixitalización de Europa, con logros como a monitoraxe do paciente no seu domicilio, a teleconsulta hospitalaria ou a consulta telefónica. Precisamente, o traballo dos sanitarios reflicte un avance na transformación dixital do sector, xa que os profesionais da sanidade galega teñen a súa disposición ferramentas como a historia clínica electrónica única, a teleasistencia domiciliaria, a plataforma de xestión e distribución lóxística e o portal profesional, entre outras.

Sen lugar a dúbida, o futuro do sector necesita da innovación tecnolóxica para crear un sistema asistencial máis efectivo, máis resolutivo e competitivo. Neste sentido, as principais tendencias tecnolóxicas no sector son:

- A Telemedicina, é dicir, os servizos de teleconsulta ou telediagnóstico. Consiste no uso da telefonía convencional, videoconferencia e as comunicacións por satélite ou a telefonía móbil na atención sanitaria. Non é unha tecnoloxía médica específica, senón unha nova forma organizativa que ofrece vantaxes tanto para os médicos como para os pacientes.
- A proliferación de aplicacións móbiles no ámbito da saúde comportou a aparición dun novo termo como é a “mHealth”. Segundo a Organización Mundial da Saúde –OMS– a mHealth defínese como a práctica da medicina e a saúde pública soportada por dispositivos móbiles como teléfonos, dispositivos de monitoraxe de pacientes, asistentes dixitais e outros dispositivos inalámbricos.
- O uso da intelixencia artificial para ofrecer un diagnóstico rápido e preciso. Chatbots e asistentes virtuais de saúde son outra tecnoloxía baseada en IA coa que os pacientes se están familiarizando. Especialmente, a IA está a asentarse en áreas como a medicina de precisión, as imaxes médicas, o descubrimento de fármacos e a xenómica.
- Innovación de deseño e fabricación con tecnoloxías como a nanotecnoloxía e a bioinformática.
- A robótica médica para mellorar os procedementos cirúrxicos ou a rehabilitación.
- A aplicación da impresión 3D ou fabricación aditiva en tratamentos ortopédicos, implantoloxía e odontoloxía.
- A Realidade virtual, con numerosas aplicacións que xa están a cambiar a maneira de tratar os pacientes:
 - En medicina, a maioría das aplicacións terapéuticas baséanse na creación específica dun ambiente en 3D que fomenta a interacción dos pacientes. O ambiente artificial inmersivo permite administrar terapias expositivas que non supoñen risco algún para a saúde do

paciente. Entre outros, utilízase para preparar e simular unha cirurxía perigosa antes de ingresar á sala de operacións, para o tratamento de fobias, a xestión da dor, valoración de lesións cerebrais e rehabilitacións.

- No campo da fisioterapia, por exemplo, comezáronse a levar tratamentos mediante videoxogos e lentes de realidade virtual. Doutra banda, tamén ten cabida na rehabilitación, así as persoas que se están recuperando dunha lesión poden volver prepararse para realizar movementos dentro dunha contorna virtual.
- Así mesmo, no ámbito da sanidade a realidade virtual é unha ferramenta de gran utilidade para a formación e a evolución profesional de enfermeiros e persoal médico en diversas disciplinas.

Por tanto, no curto/medio prazo, estímase que a demanda de profesionais sexa especialmente nas áreas identificadas. Entre outros, destácanse os seguintes postos do futuro:

- Técnico de asistencia sanitaria asistido por IA: o posto implicará combinar traballos presenciais con pacientes xerais e o traballo remoto cos pacientes máis vulnerables, no cal axudará a IA. Para este traballo fará falta experiencia e un grao universitario en enfermería ou un campo relacionado, así como sentirse cómodo e ser competente no manexo de paquetes de software e equipos de tests dixitais.
- Especialista médico en impresión 3D: serán profesionais moi demandadas, que logren aplicar os seus coñecementos en estruturas biolóxicas e medicina e combinalos coas últimas tecnoloxías, para poder cubrir necesidades médicas.
- Especialista en nanotecnoloxía: actualmente aínda que é algo experimental, e xa son moitos os investigadores traballando niso, pero nun futuro próximo a demanda de profesionais do rango podería ser moi ampla.

O sector de saúde e benestar en Galicia enfróntase na actualidade a un proceso de transformación que leva consigo a transformación dalgúns postos de traballo, tal e como representa a seguinte figura:

Postos de traballo máis demandados na actualidade	Postos de traballo que poden desaparecer	Postos de traballo que se están transformando
<ul style="list-style-type: none"> • Director/a hospitalario • Técnico/a de laboratorio médico • Auxiliar de ensaios clínicos • Enfermeiro/a • Auxiliar de enfermería • Celador/a • Xerocultor/a • Auxiliar de axuda a domicilio • Asesores/as de saúde, beleza e benestar • Dentista ou odontólogo • Hixienista dental • Auxiliar de odontoloxía • Fisioterapeuta 	<ul style="list-style-type: none"> • Adestrador persoal • Nutricionista • Psiquiatra • Psicólogo/a sanitario • Psicólogo/a técnico especialista • Psicoterapeuta • Podólogo/a • Logopeda • Xefe/a de Proxecto de Biotecnoloxía • Enxeñeiro/a biomédico/a • Biomecánico médico • Operador/a de teleasistencia 	<ul style="list-style-type: none"> • Cirurxiáns • Médicos de atención primaria • Dentistas ou odontólogos • Expertos en xenética • Anestesistas

As seguintes táboas ofrecen unha análise con maior grao de detalle da formación, coñecementos e competencias (técnicas e non técnicas) que na actualidade están a esixirse a estas tres categorías de postos de traballo (tanto os máis demandados na actualidade, como aos que se están transformando e en risco de desaparecer).

Esta análise, realizouse a partir dos seguintes niveis de información:

- Revisión dos requisitos que se esixen en ofertas laborais
- Entrevistas con empresas do sector
- Análise de procesos das empresas do sector

REQUISITOS ESIXIDOS NAS OFERTAS LABORAIS DO SECTOR

Esta táboa inclúe un resumo dos **postos de traballo que máis se demandan na actualidade no sector saúde e benestar**, así como o perfil de coñecementos e competencias que se lles esixe:

Nome do posto	Titulación requirida	Coñecementos complementarios	Competencias dixitais	Soft skills
Director/a hospitalario	Licenciatura ou grao en Económicas, ADE Máster en áreas de dirección ou xestión empresarial e formación especializada en xestión sanitaria	Experiencia como xerente en hospitais, clínicas, residencias ou centros sociais Habilidades de negociación	Paquete Office nivel avanzado Coñecemento de novas tecnoloxías de aplicación no sector	<ul style="list-style-type: none"> • Liderado • Traballo en equipo, toma de decisións • Altas habilidades de comunicación • Organización e planificación
Técnico/a de laboratorio médico	Grao Superior en Laboratorio Clínico e Biomédico	Coñecemento en estándares de calidade ética e científica	Coñecementos informáticos nivel avanzado e coñecemento de procesadores de textos	<ul style="list-style-type: none"> • Capacidade de observación e atención ao detalle • Precisión e toma de decisións • Capacidade de traballo en equipo • Iniciativa e capacidade de traballo sen supervisión
Auxiliar/asistente de ensaios clínicos	Ciclo Formativo da Familia Profesional Sanidade Grao Superior: Documentación e administración sanitarias	Non se requiren coñecementos complementarios	Coñecementos de informática (procesadores de textos, bases de datos etc.): nivel alto	<ul style="list-style-type: none"> • Orientación ao logro • Iniciativa • Preocupación pola orde e a calidade • Habilidades de comunicación • Flexibilidade e xestión do cambio
Enfermeiro/a	Grao en Enfermería Probas EIR (Enfermeiro interno residente)	Ademais das funcións xerais de enfermería, requírense coñecementos na especialidade escollida (Xeriátrica, Pediátrica, Familiar e Comunitaria, Médico-cirúrxica etc.)	Alfabetización dixital (localizar, analizar, organizar, entender e avaliar información utilizando tecnoloxía dixital)	<ul style="list-style-type: none"> • Flexibilidade • Responsabilidade e liderado • escoita activa e habilidades de comunicación • Traballo en equipo • Empatía • Orientación á calidade e á atención ás persoas

ESTUDO TECNOLOXÍAS EMERXENTES PARA A TRANSFORMACIÓN DO EMPREGO

Nome do posto	Titulación requirida	Coñecementos complementarios	Competencias dixitais	Soft skills
Auxiliar de enfermería	-Técnico en coidados auxiliares de enfermería -Técnico auxiliar clínica -Técnico auxiliar de enfermería -Técnico en atención a persoas en situación de dependencia -Técnico de atención sociosanitaria - CP de atención sociosanitaria a persoas dependentes en domicilio ou institucións sociais	Non se requiren coñecementos complementarios	Non se requiren competencias dixitais	<ul style="list-style-type: none"> • Amabilidade e empatía • Paciencia • Atención ao detalle • Capacidade de traballar baixo presión • Habilidades comunicativas
Celador/a	Non require formación, pero valórase o curso de celador/a	Non se requiren coñecementos complementarios	Non se requiren competencias dixitais	<ul style="list-style-type: none"> • Vocación • Empatía • Boa atención ao paciente
Xerocultor/a	Ciclo Formativo Coidados Auxiliares de Enfermería ou Ciclo Formativo Atención a Persoas en Situación de Dependencia ou CP Atención Sociosanitaria a Persoas Dependentes en Institucións Sociais	Cursos de manipulador/a de alimentos. Curso específico de saúde mental no ámbito xerontolóxico. Curso de primeiros auxilios	Coñecementos nivel usuario de informática (Word)	<ul style="list-style-type: none"> • Integridade e honestidade • Orientación ao cliente • Planificación e organización • Traballo en equipo e dotes comunicativas
Auxiliar de axuda a domicilio	Formación profesional en Atención sociosanitaria e/ou en Axuda a Domicilio, ou CP Atención Sociosanitaria a Persoas no Domicilio	Manexo guindastre de mobilidade	Non se requiren competencias dixitais	<ul style="list-style-type: none"> • Empatía • Orientación á calidade e á atención ás persoas
Asesores/as de saúde, beleza e benestar	Non se require formación regrada	Coñecementos comerciais e de venda	Manexo de Redes Sociais Coñecementos de ofimática nivel usuario	<ul style="list-style-type: none"> • Persoas dinámicas, extrovertidas, con don de xentes • Habilidades comunicativas • Empatía e naturalidade
Dentista ou odontólogo	Grao en Odontoloxía	Máster da especialidade requirida, por exemplo, ortodoncia ou endodoncia	Uso de escáner 3D (radiografía dixital) Uso de cámaras intraorais	<ul style="list-style-type: none"> • Organización • Resolución de problemas • Persoa dinámica con capacidade de escoita e de conectar co paciente

ESTUDO TECNOLOXÍAS EMERXENTES PARA A TRANSFORMACIÓN DO EMPREGO

Nome do posto	Titulación requirida	Coñecementos complementarios	Competencias dixitais	Soft skills
Hixienista dental	Formación Grao Superior como hixienista bucodental	Desexable titulación de operador/a de instalacións radiolóxicas	Coñecemento no software de xestión de clínica Gesden	<ul style="list-style-type: none"> • Iniciativa • Atención ao detalle • Predisposición para axudar os demais • Traballo en equipo
Auxiliar de odontoloxía	Non require formación profesional, pero valóranse cursos de auxiliar de odontoloxía	Non se requiren coñecementos complementarios	TAC dental. Uso de escáner 3D (radiografía dixital)	<ul style="list-style-type: none"> • Empatía, proactividade e traballo en equipo • Iniciativa e dotes de organización
Fisioterapeuta	Grao en Fisioterapia	Coñecementos segundo especialidade: neuroloxía, cardiorrespiratorio, terapia manual, fisioterapia invasiva, diafragma da pelve etc. No caso da especialización en rehabilitación, coñecementos en robótica	Paquete Office nivel avanzado Uso de aplicacións. Software de xestión de citas (por exemplo, Archivex clinical)	<ul style="list-style-type: none"> • Iniciativa, orientación a servizo • Empatía, resiliencia • Clara vocación para traballar con persoas • Habilidades comunicativas
Adestrador persoal/preparador físico	Formación universitaria INEF/ CAFYD Cursos especializados en adestramento persoal	Programación fitness	Uso de aplicacións móbiles, ofimática e Internet	<ul style="list-style-type: none"> • Excelentes habilidades de comunicación e motivación • Alta capacidade de traballo en equipo • Habilidades de liderado
Nutricionista	Grao en Nutrición Humana e Dietética ou ciclo Formativo Grao Superior en Dietética e Nutrición	Coñecementos de atención ao cliente e asesoramento comercial. Coñecementos de analítica	Usuario avanzado do paquete Office, Internet e correo electrónico	<ul style="list-style-type: none"> • Habilidades de comunicación e empatía • Traballo por obxectivos • Responsable e resolución de problemas • Con iniciativa e capacidade de organización
Psiquiatra	Grao en Medicina con especialidade en Psiquiatría	Formación Integradora. Formación en psicoterapia	Coñecementos informáticos para desenvolvemento da telemedicina (eSalud), teleconsultas ou teleconferencias	<ul style="list-style-type: none"> • Capacidade de traballo en equipo • Asertividade • Flexibilidade • Habilidades sociais • Capacidade de comunicación fluída e produtiva

ESTUDO TECNOLOXÍAS EMERXENTES PARA A TRANSFORMACIÓN DO EMPREGO

Nome do posto	Titulación requirida	Coñecementos complementarios	Competencias dixitais	Soft skills
Psicólogo/a sanitario	Grao en Psicoloxía, especialización psicoloxía clínica (PIR, máster PGS ou ter a habilitación para o exercicio de actividades sanitarias)	Formación en violencia de xénero e igualdade	Usuario avanzado do paquete Office, Internet e correo electrónico	<ul style="list-style-type: none"> • Traballo de forma independente • Profesionalidade e seriedade • Capacidade de adaptación • Alto nivel de habilidades de xestión • Capacidade de relación co paciente, empatía e asertividade
Psicólogo/a técnico especialista	Grao/Licenciatura en Psicoloxía	Coñecementos demostrables sobre Avaliación en Psicoloxía Uso de probas de avaliación psicolóxica Coñecementos de márketing	Boas habilidades dixitais e manexo de redes sociais Ferramentas de avaliación	<ul style="list-style-type: none"> • Orientación ao detalle • Responsabilidade • Iniciativa
Podólogo/a	Grao en Podoloxía	Coñecementos en anatomía e fisioloxía. Adicionalmente, requírense coñecementos concretos da especialización (deportiva, pediátrica etc.)	Coñecemento de Office nivel avanzado	<ul style="list-style-type: none"> • Habilidades comunicativas • Capacidade de planificación e organización • Flexibilidade e adaptación
Logopeda	Grao en Logopedia	Valórase contar con coñecementos específicos en trastornos do neurodesenvolvemento, sistemas aumentativos de comunicación e terapia miofuncional	Coñecementos de ofimática para a telerehabilitación Coñecemento de aplicacións móbiles	<ul style="list-style-type: none"> • Habilidades de comunicación • Capacidade de motivar e inspirar a xente • Paciencia, tacto e sensibilidade • Habilidades para resolver problemas • Capacidade de planificar e organizar
Xefe/a de Proxecto de Biotecnoloxía	Grao en Bioloxía, Biotecnoloxía, Bioquímica ou Farmacia	Coñecementos en xenómica e bioloxía molecular Nivel de inglés alto (oral e escrito)	Ofimática nivel alto Coñecementos avanzados de programas estatísticos	<ul style="list-style-type: none"> • Traballo en equipo • Habilidades comunicativas e capacidade de liderado • Capacidade analítica e resolución de incidencias • Capacidade de adaptación

ESTUDO TECNOLOXÍAS EMERXENTES PARA A TRANSFORMACIÓN DO EMPREGO

Nome do posto	Titulación requirida	Coñecementos complementarios	Competencias dixitais	Soft skills
Enxeñeiro/a biomédico/a	Grao en Enxeñería Biomédica	Coñecementos en bioloxía molecular. Coñecemento de materiais e dispositivos protéticos	Coñecementos de ofimática. Técnicas de deseño asistido por computador (CAD). Software para deseñar e realizar órtese e prótese	<ul style="list-style-type: none"> • Persoa metódica, con capacidades organizativas • Capacidade de traballo en equipo • Habilidades para resolver problemas • Iniciativa e proactividade
Biomecánico médico	Grao en Enxeñería Biomédica, Medicina ou Fisioterapia, con máster especializado en Biomecánica	Coñecementos de ergonómia. Coñecementos de ofimática	Software Visual 3D de modelado	<ul style="list-style-type: none"> • Actitude proactiva • Flexibilidade • Orientación ao paciente • Organización e responsabilidade
Operador/a de teleasistencia	FP de Emerxencias Sanitarias	Protocolo PAS (protexer, avisar e socorrer)	Usuario/a avanzado/a de ofimática, contorna Windows e software de xestión	<ul style="list-style-type: none"> • Responsabilidade e compromiso • Flexibilidade, respecto e empatía • Excelentes aptitudes para a comunicación e as relacións interpersoais • Enfoque lóxico e metódico para a resolución de problemas

POSTOS DE TRABALLO QUE PODEN DESAPARECER

Esta táboa inclúe un resumo dos **postos de traballo que poden desaparecer nun futuro**:

Nome do posto	Proceso de transformación que están a sufrir
Persoal de atención ao paciente en centros de saúde ou hospitais	A tecnoloxía está a avanzar en numerosos ámbitos, e un deles é, por exemplo, a atención ao paciente en centros sanitarios. Actualmente xa existen robots capaces de realizar un prediagnóstico mediante algoritmos avanzados e derivar o paciente ao especialista oportuno.
Persoal auxiliar no quirófano	Cada vez será menor o número de persoas necesarias para asistir unha cirurxía. Neste momento xa existen robots capaces de identificar obxectos e, por recoñecemento de voz, poden mesmo facilitar os materiais necesarios ao cirurxián para que realice a operación, ou tomarlle as constantes ao paciente e informar por voz o persoal médico.

POSTOS DE TRABAJO QUE SE ESTÁN TRANSFORMANDO


Esta táboa inclúe un resumo dos **postos de traballo que se están transformando**:

Nome do posto	Proceso de transformación que están a sufrir
Cirurxiáns	Concretamente no ámbito da cirurxía están a realizarse moitos avances en materia tecnolóxica polo que os médicos non só deberán ter coñecementos sobre o corpo humano, senón tamén no uso de diversas tecnoloxías de apoio en operacións e tratamentos médicos. Entre outras, destácase a cirurxía robótica, na que o cirurxián deberá aprender a manexar un robot con diversos brazos de precisión milimétrica (como o robot Da Vinci Systems), para poder realizar operacións menos invasivas e máis precisas.
Médicos de atención primaria	A chegada da COVID-19 impulsou a demanda de dispositivos para a monitoraxe remota de pacientes crónicos e persoas maiores, que permiten o contacto con profesionais de asistencia médica, a través de tecnoloxías como IoT ou IA. Os avances na teleasistencia van requirir que os médicos de atención primaria aprendan a tratar os pacientes virtualmente. Para iso, terán que adquirir os coñecementos de ofimática necesarios para poder diagnosticar e tratar os pacientes en liña.
Dentistas ou odontólogo	Son múltiples os avances que se están realizando en tecnoloxía o ámbito dental. Por exemplo, cos escáneres intraorais 3D, a impresión 3D de prótese ou elementos dentais, cirurxías guiadas, softwares de deseño de sorrisos, microscopios cirúrxicos etc. Por iso, os odontólogos deben estar en constante formación para poder introducir os avances tecnolóxicos nos seus gabinetes.
Expertos en xenética	As probas xenéticas poden ser o futuro da medicina. Os avances nesta materia son tales que numerosos expertos xa aseguran que nos próximos anos coñeceremos os primeiros humanos modificados xeneticamente. Para iso, será necesario que os xenetistas ou expertos en xenética se vaian adaptando aos avances, para poder seguir facendo uso de técnicas e terapias xenéticas.
Anestesistas	Na actualidade, xa se creou un dispositivo que está aprobado pola FDA para administrar automaticamente niveis baixos de anestesia aos pacientes. Desta maneira, o uso do dispositivo elimina a necesidade de contar cun anestesista. O avance da tecnoloxía neste ámbito podería provocar cambios nas funcións dos anestésistas. Con todo, seguirían sendo relevantes no cálculo das doses de anestesia e a programación dos dispositivos.

4. DIAGRAMA DE EMPRESA

Co obxectivo de dotar dunha maior comprensión o mapa de procesos do sector saúde, é necesario previamente representar o esquema da cadea de valor do sector. O alcance deste estudo é analizar o proceso de prevención que se mostra no seguinte esquema.

Cadea de valor do sector saúde en Galicia:



ESTUDO TECNOLOXÍAS EMERXENTES PARA A TRANSFORMACIÓN DO EMPREGO

A continuación, preséntase un esquema de procesos representativo unha empresa sociosanitaria. No mapa, sitúanse os postos de traballo en cada unha das fases que están relacionadas coa prestación do servizo.

Mapa de procesos e localización dos postos de traballo na actualidade:



Mapa de procesos e localización dos postos de traballo no futuro:



5. MATRIZ DE COMPETENCIAS, POSTOS E PROCESOS




A partir da análise de procesos, e dos postos de traballo (actuais e futuros) e do proceso de transformación que están a experimentar, elaborouse unha matriz que identifica, **para cada proceso produtivo**:

- A identificación do posto de traballo
- O tipo de ocupacións asociadas, indicando se están en demanda actual, en risco de desaparición ou en proceso de transformación
- A descrición do perfil de cada un deses postos, indicando:
 - A formación requirida
 - Os coñecementos complementarios actuais
 - Os coñecementos complementarios futuros
 - As competencias técnicas actuais
 - As competencias non técnicas (ou soft skills)

A táboa cruzada que se presenta obtívose cruzando as seguintes fontes de información:

- Ofertas laborais do sector
- Estudos e informes utilizados na fase 1 dos traballos
- Entrevistas con empresas e asociacións do sector para validar a información obtida

Para facilitar a lectura da táboa, o tipo de ocupación codificouse co seguinte código de cores:

-  Demanda actual
-  En risco de desaparición
-  En proceso de transformación

ESTUDO TECNOLOXÍAS EMERXENTES PARA A TRANSFORMACIÓN DO EMPREGO

Procesos produtivos	Postos	Tipo de ocupación	Perfil profesional				
			Formación requirida	Coñecementos complementarios	Coñecementos complementarios futuros	Competencias técnicas actuais	Competencias non técnicas (soft skills)
Xestión estratéxica	Director/a hospitalario	Demanda actual	Licenciatura ou grao en Económicas, ADE Máster en áreas de dirección ou xestión empresarial e formación especializada e xestión sanitaria.	Experiencia como Xerente en hospitais, clínicas, residencias ou centros sociais. Habilidades de negociación. Paquete Office nivel avanzado. Coñecemento de novas tecnoloxías de aplicación no sector.	Tendencias e aplicacións de novas tecnoloxías nas diferentes especialidades da saúde.	É o máis alto cargo dentro do Hospital ou Centro sanitario, e sobre o que recae a maior parte das decisións. Ten que saber liderar equipos complexos e lidar con calquera problemática. Realizar reporting a dirección xeral ou consello de dirección. Planificación estratéxica dos obxectivos da organización e xestión de conta de resultados. Supervisar e dirixir os procedementos do centro hospitalario, así como realizar as accións que melloren a actividade do mesmo. Xestión dos recursos, así como dos equipos que o forman.	Liderado Traballo en equipo, toma de decisións Altas habilidades de comunicación Organización e planificación
